



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE PERITAXE SOCIAL PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS DE TRABALLO SOCIAL

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 136/2024, do 20 de maio, que establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un obxectivo primordial a eficiencia e celeridade na elaboración dos ditames periciais de traballo social solicitados polos órganos xudiciais en casos de dereito de familia e similares, de xeito que se poda superar o atraso acumulado en tal xurisdición e se poda afrontar a alta demanda para a axilización dos procedementos.

ANTECEDENTES: O día 13 de xuño de 2025 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación Nacional de Peritaxe Social para a colaboración na emisión de informes de traballo social, coa intención de afrontar dun mellor xeito as demandas dos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma. En tal Convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Xustiza, comprometeuse a abonar a cantidade máxima de 30.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O fin social deste Convenio é indiscutible, en canto os procedementos para os que se emitirían os ditames versan sobre situacións tan sensibles coma a garda e custodia dos fillos, réxime de manutención ou de visitas e incapacidades, entre outros, que provocan circunstancias de alta complexidade emocional. Resulta, polo tanto, prioritario que os xulgados que entenden destes asuntos podan dispoñer na maior brevidade posible dos informes necesarios para a toma de decisións en ámbitos tan comprometidos para o benestar social dos implicados. A achega económica prevista pretendía garantir, por unha banda, a axilidade que estes procedementos xudiciais demandan e, por outra, a utilización racional dos recursos públicos, sen obviar os intereses lexítimos dos profesionais a quen se lles asignen a elaboración destes informes técnicos.

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela



Na reunión da Comisión mixta de Seguimento do Convenio do día 07/10/2025, a presidenta da Asociación Nacional de Peritaxe Social expuxo que a día 07/10/2025 hai máis de 62 peticións de informes periciais psicolóxicos, sendo 47 o número máximo de informes que segundo o orzamento do convenio é posible financiar. A presidenta da Asociación entende que se fai necesario ampliar o importe do Convenio suscrito o 13 de xuño de 2025, para dar cabida a todas estas peticións adicionais, cuxo importe aproximado é de dez mil euros (10.000,00 €).

FINALIDADE: A finalidade perseguida pola Addenda que se está a tramitar é poder facer fronte a un número superior de procedementos dos que co orzamento actual se poden asumir, mediante a modificación das cláusulas terceira e cuarta do Convenio, que quedan redactadas do seguinte xeito:

"Terceira. Compromisos.

A Asociación Nacional de Peritaxe Social comprométese a prestar a actividade nas condicións establecidas no presente Convenio, incluíndo:

- *A tramitación da petición dos xulgados e tribunais para a emisión dos informes periciais.*
- *A selección dos/das traballadores sociais que vaian realizar os informes periciais, mediante a elaboración dunha lista específica.*
- *A comunicación ao profesional asignado para a elaboración do informe pericial, mediante correo electrónico, outorgándolle un prazo de 4 días laborais para que acuda directamente á oficina xudicial que se lle indique, de cara a realizar a aceptación do encargo ante a persoa funcionaria correspondente.*

A prestación de servizos realizada polos/as traballadores/as sociais obxecto deste Convenio, non implicará o establecemento dunha relación laboral coa Asociación Nacional de Peritaxe Social nin coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Asociación Nacional de Peritaxe Social comprométese a prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así coma o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a abonar á Asociación Nacional de Peritaxe Social a compensación económica por un máximo de corenta mil euros (40.000,00€), concedida nos termos e coas condicións establecidas no presente Convenio. Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a facilitar-lles espazos de traballo

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela





para a realización dos informes aos traballadores sociais en cada unha das subdireccións do IMELGA.

A anterior compensación incluirá, por unha parte o abono da cantidade máxima de mil cincocentos euros (1.500,00€) pola organización da actividade realizada, e por outra banda o resultado de aplicar a cada informe o importe máximo de seiscentos euros (600,00 €), o cal incluirá todos os gastos xerados pola intervención pericial:

- Estudo social na contorna (visitas a domicilio, entrevistas con informantes colaterais, etc).*
- Redacción, emisión e entrega do ditame pericial.*
- Aclaracións, ratificacións, asistencias e, en xeral, calquera actuación diante do órgano ou oficina xudicial, incluído o acto de xuízo oral.*
- Todos os desprazamentos derivados das diversas actuacións.*

Cuarta. *Créditos orzamentarios e contías derivados do Convenio.*

O presente Convenio será financiado co orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0. A compensación prevista no presente Convenio poderá financiar total ou parcialmente os gastos derivados da actividade ata un importe máximo de corenta mil euros (40.000,00 €), que será aboada á Asociación Nacional de Peritaxe Social do seguinte xeito:

- A Asociación Nacional de Peritaxe Social emitirá a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detallan os informes periciais realizados. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboarlle á Asociación Nacional de Peritaxe Social os gastos que deriven da elaboración dos informes periciais, cun pagamento máximo único a razón de seiscentos euros (600,00 €) por cada informe, que incluirá todos os gastos xerados pola intervención pericial.*

Se con posterioridade á encomenda xudicial dunha pericia, o órgano xudicial a deixase sen efecto e sempre que se acredite a súa iniciación, compensarase á Asociación Nacional de Peritaxe ata un máximo dun 30% do importe do informe, en virtude do grado de execución.

- Ademais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á Asociación Nacional de Peritaxe Social pola organización da actividade realizada cunha cantidade de mil cincocentos euros (1.500,00 €).*

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do Convenio.





En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado”.

FINANCIAMENTO: A día 31/10/2025, existe remanente de crédito na aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00102 “A institucións xurídico-administrativas”) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 por contía de 10.000,00 €, que se empregarán para a ampliar o saldo inicialmente proxectado para o Convenio.

Esta achega económica será realizada nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos e, por outro lado, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; un detalle doutros ingresos e subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia e, se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento da addenda para articular as actuacións de referencia, quedando a dita addenda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto non artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela

